CONCELLO DE FISTERRA
Rúa Santa Catalina, 1
15155 FISTERRA (A Coruña)
Telf. 981 740 001
Fax: 981 740 677

exp. 2018/G003/000129

DECRETO

ASUNTO: BASES PARA CONTRATACION DENTRO DO PROGRAMA DE INTEGRACION LABORAL

EXPEDIENTE: 2018/G003/000129

ANTECEDENTES:

BASES PARA A CONTRATACIÓN DE PERSOAL LABORAL TEMPORAL DENTRO DO PROGRAMA DE INTEGRACIÓN LABORAL DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA 2018

Á vista da subvención outorgada por parte da Excma. Deputación provincial da Coruña, ao abeiro da *Convocatoria do Programa de Integración Laboral* da DeputaciónProvincial da Coruña para a anualidade 2018,

1º. Obxecto da convocatoria:

Esta convocatoria ten por obxecto a contratación de **catro (4) Peóns para a cuadrilla de obras e servizos mínimos municipais** nos termos establecidos na Convocatoria do programa de Integración Laboral, mediante a execución de obras e servizos mínimos municipais dos concellos da provincia de menos de 20.000 habitantes anualidade 2018, publicada no BOP número 55, do 21 de marzo de 2018.

2º. Duración e tipo de contrato:

O contrato de traballo terá as seguintes características:

Contrato de duración determinada por obra ou servizo, cunha xornada laboral de 37,5 horas semanais, por un período de 5 meses e medio.

3º. Funcións:

As funcións e tarefas a desempeñar polos/as traballadores/as serán as propias do posto, en todo caso as necesarias para a execución das competencias en materia de servizos municipais mínimos que son os servizos comunitarios básicos previstos na nova redacción dada pola Lei 27/2013 de 27 de decembro de racionalización e sostibilidade da Administración Local ó artigo 26 da Lei 7/1985 de bases de réxime local.

4º. Prazo de presentación de solicitudes:

As instancias dirixiranse ó Sr. Alcalde do Concello de Fisterra e presentaranse no Rexistro Xeral do Concello de 9h a 14.00 h , situado na Rúa Santa Catalina, 1, 15155 Fisterra, A Coruña, ou na forma prevista no artigo 16.4 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, **no prazo de seis (8) días hábiles**, contados a partir do seguinte ó de publicación no Taboleiro de Anuncios do Concello, nos modelos normalizados que figuran como anexos a estas bases.

C.I.F.: P-1503800-C

FIRMADO POR José Marcote Suárez (FECHA: 04/06/2018)
Decreto Número: 126/2018 - Fecha de decreto: 04/06/2018
Versión imprimible

CVD: gC8Aui03k7Bdu9BLZeQL
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

CONCELLO DE FISTERRA
Rúa Santa Catalina, 1
15155 FISTERRA (A Coruña)
Telf. 981 740 001
Fax: 981 740 677

5º. Requisitos dos/as aspirantes:

A)Ter cumpridos os dezaseis anos e non exceder, no seu caso, da idade máxima de xubilación forzosa.

B) Non padecer enfermidade ou defecto físico que impida o desenvolvemento das funcións propias do posto.

C) Non ter sido separado/a mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas.

D) Non estar incurso en causas de incompatibilidade de conformidade co establecido na Lei 53/84 de 26 de decembro do persoal ó servizo das Administracións Públicas.

E) Estar en situación de desemprego, circunstancia que deberá acreditar no momento da solicitude e antes da súa contratación laboral.

F) Estar incluídos/as nalgunha das seguintes situacións de exclusión laboral, de conformidade co disposto na Base 3 do Programa de Integración Laboral:

- Mulleres, ao ter un diferencial de índice de paro rexistrado sensiblemente superior ao dos homes.

- Maiores de 45 anos.

- Persoas desempregadas de longa duración (aos efectos deste Programa terán esta consideración aquelas persoas que leven un mínimo de dous anos como demandantes de emprego).

- Persoas con discapacidade: aquelas persoas que teñan recoñecida, pola Administración competente, unha discapacidade nun grao igual ou superior ao 33%.

- Persoas desfavorecidas que estean nalgunha das seguintes situacións: drogodependencia, vivir nun fogar onde ninguén teña emprego, persoas sen fogar, persoas con fogar monoparental/monomarental e persoas con problemas para atopar emprego polo idioma ou cuestións socioculturais ou persoas vítimas de violencia de xénero.

6º. Documentación:

A instancia para participar na presente selección, conforme ao modelo que figura no anexo I, que se acompañará a esta documentación:

- Copia cotexada do documento nacional de identidade.

- Copia da tarxeta de demandante de emprego.

- Xustificación documental da acreditación da situación de exclusión laboral recollida no apartado 5.F destas bases.

- Documentación acreditativa da experiencia laboral: orixinal ou copia cotexada, onde apareza claramente refrexada a data do inicio e do remate da contratación, así como a categoría profesional (informe da vida laboral e copia cotexada dos contratos de traballo).

- Documentación acreditativa das actividades formativas realizadas (copia cotexada dos certificados dos cursos, no que consten as horas realizadas).

C.I.F.: P-1503800-C

FIRMADO POR José Marcote Suárez (FECHA: 04/06/2018)
Decreto Número: 126/2018 - Fecha de decreto: 04/06/2018
Versión imprimible

CVD: gC8Aui03k7Edu9BLZeQL
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

CONCELLO DE FISTERRA
Rúa Santa Catalina, 1
15155 FISTERRA (A Coruña)
Telf. 981 740 001
Fax: 981 740 677

- Documentación acreditativa das cargas familiares (Libro de familia, certificado de convivencia, empadroamento e declaración da renda se procede).

- Documentación acreditativa dos ingresos da unidade familiar (certificado de empadroamento e declaración da renda do último exercicio ou certificación de que non está obrigado a presentala, certificación dos ingresos percibidos pola Seguridade Social, Xunta de Galicia ou calquera outro organismo oficial).

- Documentación xustificativa dos períodos de inscrición como demandante de emprego, mediante certificación expedida polo Servizo Público de Emprego.

7º. Admisión de solicitudes:

Rematado o prazo de presentación de instancias, publicarase na páxina web e no taboleiro de anuncios do Concello a listaxe de persoas admitidas e excluídas. Para reparar os defectos que motivasen a exclusión ou omisión das devanditas listaxes, as persoas aspirantes disporán dun prazo de **dous (2) días hábiles** contados a partires do seguinte ao da publicación da devandita resolución.

8º. Listaxe definitiva:

Rematado o prazo de subsanación dos erros que motivasen a exclusión ou omisión das persoas aspirantes, publicarase na páxina web e no taboleiro de anuncios do Concello a listaxe definitiva das persoas admitidas e excluídas, así como o lugar, data e hora de realización do procedemento selectivo e a composición da Comisión de selección.

9º. Comisión de selección:

Estará constituída da seguinte forma:

- Presidente/a: Empregado público fixo ó servizo das Administracións Públicas.

- Secretario/a: O da Corporación ou funcionario do Concello en quen delegue (actuará con voz pero sen voto).

- Vogais: Tres, que sexan empregados públicos fixos ó servizo das Administracións Públicas.

10º. Procedemento de selección:

A selección realizarase en duas fases: valoración de méritos e proba práctica.

1ª: Valoración de méritos:

Valoraranse os seguintes méritos, conforme ós baremos que se indican:

Sobre un máximo de 6 puntos.

A.Formación:

a.1) Pola participación en programas de capacitación, formación e integración no mundo laboral, organizados ou financiados polas administracións públicas, puntuarase da seguinte forma:

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

C.I.F.: P-1503800-C

FIRMADO POR José Marcote Suárez (FECHA: 04/06/2018)
Decreto Número: 126/2018 - Fecha de decreto: 04/06/2018
Versión imprimible
CVD: gC8Aui03k7Bdu9BLZeQL
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

CONCELLO DE FISTERRA
Rúa Santa Catalina, 1
15155 FISTERRA (A Coruña)
Telf. 981 740 001
Fax: 981 740 677

- Cursos de máis de 20 horas ata 100 horas: 0,25 puntos por cada unha das actividades formativas.

- Cursos de máis de 100 horas: 0,50 puntos por cada unha das actividades formativas.

a.2) Por actividades formativas directamente relacionadas coas funcións propias do traballo a desenvolver ou de interese para o posto, realizados por calquera organismo oficialmente homologado, puntuarase da seguinte forma:

- Cursos de máis de 20 horas ata 100 horas: 0,10 puntos por cada unha das actividades formativas.

- Cursos de máis de 100 horas: 0,20 puntos por cada unha das actividades formativas.

A puntuación máxima a acadar neste apartado é de 1 punto.

B. *Experiencia profesional*.

Por tarefas directamente relacionadas co posto de traballo ao que se opta: 0,10 puntos por mes traballado, ata un máximo de 1 puntos.

C. *Cargas familiares*

Por cada fillo menor de 18 anos que conviva no fogar do aspirante á praza ó seu cargo e que non perciba retribucións 0,5 ptos. A puntuación máxima neste apartado será de 2 puntos.

D.*Ingresos da unidade familiar*

Os ingresos da unidade familiar valoraránse dacordo coa seguinte táboa:

INGRESOS	PUNTUACIÓN
Unidades familiares sen ingresos	1 punto
Unidades familiares con ingresos ata 450 €/mes	0,75 puntos
Unidades familiares con ingresos de máis de 450€ ata 600€/mes	0,5 puntos
Unidades familiares con ingresos de máis de 600€ ata 800€/mes	0,25 puntos

E. *Antigüidade como demandante de emprego.*

Por cada mes de antigüidade como demandante inscrito na Oficina de Emprego, segundo

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

C.I.F.: P-1503800-C

FIRMADO POR José Marcote Suárez (FECHA: 04/06/2018)
Decreto Número: 126/2018 - Fecha de decreto: 04/06/2018
Versión imprimible
CVD: gC8Aui03k7Edu9BLZeQL
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

CONCELLO DE FISTERRA
Rúa Santa Catalina, 1
15155 FISTERRA (A Coruña)
Telf. 981 740 001
Fax: 981 740 677

acreditación deste organismo, compútase 0,10 puntos por mes ata un máximo de 1 punto.

2ª Proba práctica:

Consistirá nunha proba de tipo práctico que terá por obxecto avaliar os coñecementos e habilidades para desenvolver as funcións propias do posto

-Proceder ao desbroce manual ou con desbrozadora en zona de maleta durante un período máximo de dez minutos e/ou construcción dun murete de bloques ou ladrillo coa preparación da masa correspondiente nun tempo máximo de quince minutos.

A valoración máxima desta proba será de 4 puntos.

11º. Nomeamento:

Unha vez que rematen as dúas fases da selección, a Comisión de selección proporá o nomeamento dos/as aspirantes que acadasen a maior puntuación, non superando o número máximo de prazas convocadas, quedando os demáis en reserva, por orde da puntuación obtida.

En caso de empate, a orde de puntuación das persoas candidatas establecerase como segue:

1-. Puntuación na fase de valoración de méritos.

2-. Puntuación na proba práctica.

3.- Puntuación no apartado de experiencia profesional.

O Alcalde realizará o nomeamento definitivo, mediante decreto, que será publicado na páxina web e no Taboleiro de Anuncios do Concello, formalizando o contrato laboral o primeiro día hábil seguinte á súa notificación.

A Comisión de selección queda facultada para resolver todo tipo de dúbidas que poidan presentarse durante o desenvolvemento das probas.

12º. Recursos:

Estas bases, a súa convocatoria e cantos actos administrativos xurdan destas, poderán ser impugnadas polos/as interesados/as nos casos e coa forma prevista na Lei 39/2015, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

ANEXO I

SOLICITUDE DE PARTICIPACIÓN NO PROCESO SELECTIVO POSTO PEON			
Apelidos e nome			
D.N.I.		Data nacemento	

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

C.I.F.: P-1503800-C

FIRMADO POR José Marcote Suárez (FECHA: 04/06/2018)
Decreto Número: 126/2018 - Fecha de decreto: 04/06/2018
Versión imprimible
CVD: gC8Aui03k7Edu9BLZeQL
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

CONCELLO DE FISTERRA
Rúa Santa Catalina, 1
15155 FISTERRA (A Coruña)
Telf. 981 740 001
Fax: 981 740 677

exp. 2018/G003/000129

Enderezo			
Código postal		Municipio	
Teléfono		email	

DECLARO:

Ter coñecemento do contido das bases para a contratación de persoal laboral temporal dentro do Programa de Integración Laboral, aceptar na súa totalidade o contido das ditas bases e cumprir coa totalidade dos requisitos establecidos nas mesmas.

SOLICITO:

Ser admitido/a neste proceso selectivo dacordo cos termos establecidos nas bases que regulan o mesmo.

Fisterra, ...de..... de 2018.

Asdo.:.....

DOCUMENTACIÓN QUE SE APORTA

- ☐ Solicitude de participación no proceso selectivo (anexo I) (obrigatorio)
- ☐ Copia do DNI (obrigatorio)
- ☐ Copia da tarxeta de demandante de emprego (obrigatorio)
- ☐ Documentación acreditativa da situación de exclusión laboral recollida no apartado 5.F destas bases (obrigatorio)
- ☐ Documentación acreditativa da experiencia profesional
- ☐ Documentación acreditativa da formación aportada
- ☐ Documentación acreditativa das cargas familiares (libro de familia, certificado de convivencia, empadroamento e declaración da renda se procede)
- ☐ Documentación acreditativa dos ingresos da unidade familiar
- ☐ Certificación dos períodos de inscrición como demandante de emprego

Mandouno e asina o Sr. Alcalde en Fisterra, **a catro de xuño de dous mil dezaoito**, do que eu,

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

C.I.F.: P-1503800-C

FIRMADO POR José Marcote Suárez (FECHA: 04/06/2018)
Decreto Número: 126/2018 - Fecha de decreto: 04/06/2018
Versión imprimible

CVD: gC8Aui03k7Bdu9BLZeQL
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

CONCELLO DE FISTERRA
Rúa Santa Catalina, 1
15155 FISTERRA (A Coruña)
Telf. 981 740 001
Fax: 981 740 677

como secretario, de que certifico.

O ALCALDE,

José Marcote Suárez

ANTE MIN

O SECRETARIO,

José Ramón Lema Fuentes

C.I.F.: P-1503800-C

FIRMADO POR José Marcote Suárez (FECHA: 04/06/2018)
Decreto Número: 126/2018 - Fecha de decreto: 04/06/2018
Versión imprimible

CVD: gC8Aui03k7Edu9BLZeQL
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)